VIAXE A BOS AIRES
lunes, 19 de abril de 2010

Os alcaldes de Trabada, Barreiros, Lourenzá e Alfoz están a organizar unha viaxe para que os veciños dos seus
concellos poidan visitar as suas familias de Arxentina.
Os veciños destes concellos poderán disfrutar dunha estancia en Arxentina de entre dez e doce días para compartir
coas suas familias gracias á viaxe que os alcaldes organizarán para o mes de octubro ou novembro.
Están a enviarse cartas ós veciños nas que se lles informa da iniciativa e de que eles se ocuparán de programar os
detalles da viaxe e acompañarían á expedición. Desta forma organizarán actos de rencontro e farán reservas de hotel
para as persoas que o precisen buscando o menor custe económico.
As persoas que estén interesadas en visitsar Arxetina teñen ata finais de maio para comunicarllo ó seu alcalde.
Posteriormente celebrarase un encontro preparatorio dos detalles onde se avanzará o prezo aproximado da viaxe.
Os rexidores precisan que canto maior sexa o grupo para viaxar, as condicións económicas serán mellores.
Os alcaldes xa se desprazaron o pasado decembro ó país sudamericano, onde coñeceron a diáspora e ós seus
familiares. Comparten asimesmo entrañables recordos e a boa acollida.
El Progreso, domingo 18 de abril de 2010.
Concello de Trabada
http://www.trabada.es
Potenciado por Joomla!
Generado: 8 September, 2010, 09:38